

**ACTA NUMERO TRES CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2000.**

-----oOo-----

No Salón de Actos da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as once horas e dez minutos do día catorce de febreiro de dous mil se reúne, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D<sup>a</sup> María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela**, **D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D<sup>a</sup> María Josefa Manzanares Perela**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D<sup>a</sup> María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D<sup>a</sup> María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, estando presente o Sr. Interventor, **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

**ORDEN DEL DÍA**

**ASUNTO ÚNICO.- SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DE PRESIDENTES E VOCAIS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS CONVOCADAS POLO REAL DECRETO 64/2000, DE 17 DE XANEIRO PARA AS CÁMARAS DO CONGRESO DOS DEPUTADOS E O SENADO.**

Dáse conta dos Reais Decreto 64/2000, de 17 de xaneiro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións xerais que se rexerán pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, -modificada polas Leis Orgánicas 1/1987 de 2 de abril, 8/1991 de 13 de marzo, 6/1992 de 2 de novembro, 13/1994 de 30 de marzo, 3/1995 de 23 de marzo, 1/1997 de 30 de maio, 3/1998 de 15 de xuño e 8/1999 de 21 de abril-, polo Real Decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais e pola restante normativa de desenvolvemento.

De conformidade co artigo 26 da Lei 5/85, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral: 1).- A formación das Mesas compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona. 2).- O Presidente e os Vocais de cada Mesa designanse por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sec-

ción correspondente, que sexan menores de 65 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grado, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente. 3).- Procédese da mesma forma ó nomeamento dos suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da devandita Lei sinala que a Mesa Electoral formarase por un Presidente e dous Vocais.

A documentación existente neste Concello consiste en copias do Censo Electoral Ordinario, referido ó 1 de decembro de 1999, confeccionado pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de electores referidas ás Mesas dos Distritos e Seccións do Concello de Pontevedra, Distrito Primeiro, Seccións 1ª a 9ª; Distrito Segundo, Seccións 1ª a 19ª; Distrito Terceiro, Seccións 1ª a 5ª; Distrito Cuarto, Seccións 1ª a 11ª; Distrito Quinto, Seccións 1ª a 6ª; Distrito Sexto, Seccións 1ª a 3ª; e Distrito Sétimo, Sección 1ª, cun total de 85 mesas electorais, divididas por orden alfabético xeral.

Os sistemas informáticos actuais permiten a realización dun sorteo eficaz, rápido e transparente, seleccionando ó electores que reúnan as condicións específicas a cada caso, sen necesidade da selección previa mediante a confección de listados por separado un para presidentes e outro para vocais, ó facilitar a Oficina do Censo Electoral, o soporte magnético do Censo Electoral por Mesas.

En consecuencia, o Pleno da Corporación presta aprobación ás seguintes regras para a formación de Mesas tendo en conta os principios de eficacia e simplificación administrativa, e garantindo a obxectividade, transparencia e imparcialidade, co obxecto de facilita-la axilización do sorteo público e procurar que a sesión plenaria teña unha duración corta.

#### REGRAS DA ELECCIÓN

PRIMEIRA.- Terase en conta o Censo Electoral Ordinario referido ó 1 de decembro de 1999, remitido pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de electores referidas ás Mesas dos Distritos e Seccións do Concello de Pontevedra, separado por Mesas Electorais nun total de 85 Mesas.

SEGUNDA.- Para ser Presidente, Primeiro Suplente do Presidente e Segundo Suplente do Presidente deberá reuni-los requisitos de ter menos de 65 anos, te-lo título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grado, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente. No suposto de que o elector que resultase do sorteo para formar parte da Mesa Electoral, como Presidente, Primeiro Suplente do Presidente e Segundo Suplente do Presidente, non reunira estas condicións, o cargo recaerá no seguinte da lista electoral que dispoña dos requisitos mencionados.

TERCEIRA.- Para ser Vocal ou Suplente, requírese ter menos de 65 anos, saber ler e escribir, con titulación inferior a Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grado, polo que se o elector elixido non reunira tal titulación actuarase na forma

establecida na regra anterior.

CUARTA.- Os distintos cargos que forman as Mesas Electorais obtéñense a partir do Censo Electoral Ordinario pechado filtrado, informaticamente, polos ficheiros incorporados o sistema e os requisitos antes descritos.

QUINTA.- A orde para determinar os postos que deben formar cada Mesa será o seguinte:

Presidente, 1º Vocal, 2º Vocal, Presidente 1º Suplente, Presidente 2º Suplente; 1º Suplente do 1º Vocal, 2º Suplente do 1º Vocal; 1º Suplente do 2º Vocal e 2º Suplente do 2º Vocal.

SEXTA.- En función do parámetro determinado pola hora, minutos e segundos en que se realiza o sorteo, o ordenador asigna, por aplicación ó programa informático estatístico deste Concello, un valor numérico que, aplicado sobre o número máximo de candidatos, obtén como resultado o nomeamento dos nove cargos que forman cada unha das 85 mesas electorais.

Realizado o sorteo aplicando as anteriores regras, o Secretario da lectura ó seu resultado indicando os nomes e apelidos dos electores que deberán formar todas e cada unha das Mesas Electorais, e o Pleno da Corporación considera correcto o sorteo efectuado sen formular observación algunha, polo que lle presta conformidade á composición das Mesas Electorais resultante do sorteo, dispoñendo que se remita testemuña da acta e compoñentes de cada mesa, segundo modelos oficiais, á Xunta Electoral de Zona e que se incorpore copia ó expediente.

E non sendo outro o obxecto desta sesión extraordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás doce horas, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e praxe.  
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.